



CONSORCIO DE  
SANTIAGO

Newsletter

Galego\_ Xuño 2020

REHABILITACIÓN


## A fibra óptica chegará a todo o casco histórico compostelán

A fibra óptica chegará á rúa do Franco este verán e a todo o conxunto histórico compostelán nuns sete meses da man de Orange, cun investimento privado de 2,4 millóns de euros. A colaboración entre a Xunta, o Concello e o Consorcio de Santiago iniciouse coa elaboración dun catálogo de solucións técnicas e o posterior lanzamento dunha consulta pública a operadores.



## Avanzan as obras de Bonaval

O alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, e o conselleiro de Cultura e Turismo, Román Rodríguez, visitaron as obras de adecuación da ala sur do conxunto de San Domingos de Bonaval para uso do Museo do Pobo Galego, financiadas polo Consorcio. Estase a intervir nas fachadas, nas cubertas e unha nova escaleira unirá todas as plantas. Tamén se vai mellorar o illamento térmico, a rede de subministros e a estrutura do chan, xunto á instalación dun ascensor. Está previsto que a actuación, cuxo investimento ascende aos 2,7 millóns de euros, remate en outubro.



## Instálase un ascensor na sede do Conservatorio Histórico

Promovida polo Consorcio de Santiago, acaba de rematar a obra de instalación dun ascensor no edificio sede do Conservatorio Histórico, do Ateneo de Santiago e da Real Sociedad Económica de Amigos del País. O importe da actuación alcanzou os 83.162,24 €.



## Nova edición do Curso Superior de Especialización en Xestión de Obras de Rehabilitación

A Fundación Laboral da Construción e o Consorcio de Santiago presentaron unha nova edición do Curso Superior de Especialización en Xestión de Obras de Rehabilitación (CEGOR), que se imparte no Centro de Formación en Materia de Rehabilitación. Diríxese a profesionais, técnicos e xefes de obras de rehabilitación interesados en adquirir ou actualizar os seus coñecementos en mantemento, conservación, restauración e rehabilitación.

MÚSICA

## A Real Filharmonía de Galicia regresa cun concerto na Cidade da Cultura

A Real Filharmonía de Galicia volve aos escenarios logo dun parón de catro meses debido á crise sanitaria provocada pola covid-19. Será o 11 de xullo ás 12:00 horas no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura, baixo a batuta de Paul Daniel. A entrada é gratuíta pero cómpre reservar convite a través de Ataquilla.com. A RFG interpretará obras de Mozart, Beethoven, Granados e do galego Joam Trillo.



## Amplíanse os prazos de inscrición nos cursos da EAEM

A Escola de Altos Estudos Musicais amplía os prazos para a inscrición no Curso Avanzado de Especialización Orquestral (CAEO) e no Curso de Especialización Instrumental (CEI), que se interromperan debido ao estado de alarma. Nos dous casos, as solicitudes poderán presentarse ata o 7 de agosto a través da páxina web do centro -[www.eaem.es](http://www.eaem.es)-.